

"XVIII CROSS GUILLELME BROWN"

O Colexio GUILLELME BROWN celebrará a partir das 10:30 horas do sábado 30 de novembro de 2013 o "XVIII Cross Guillelme Brown", con participación nas categorías Pre-benxamín, Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete, Xuvenil, Absoluta e Pais/Nais/Profesores do colexio, atendendo ás seguintes normas:

1.- CATEGORÍAS:

- . Pre-benxamín: Nados/as nos anos 2007 e posteriores.
- . Benxamín Feminino: Nadas nos anos 2005-2006.
- . Benxamín Masculino: Nados nos anos 2005-2006.
- . Alevín Feminino: Nadas nos anos 2003-2004.
- . Alevín Masculino: Nados nos anos 2003-2004.
- . Infantil Feminino: Nadas nos anos 2001-2002.
- . Infantil Masculino: Nados nos anos 2001-2002.
- . Cadete Feminino: Nadas nos anos 1999-2000.
- . Cadete Masculino: Nados nos anos 1999-2000.
- . Xuvenil Feminino: Nadas nos anos 1997-1998.
- . Xuvenil Masculino: Nados nos anos 1997-1998.
- . Absoluta: Nados/as nos anos 1996 e anteriores.
- . Pais/Nais/Profesores do colexio.

2.- HORARIOS E PERCORRIDO:

O percorrido realizarase polo interior do colexio, sendo cada volta de 820 metros para todas as categorías agás os Pre-benxamíns, que recorrerán un circuito máis pequeno.

- 10:30 horas.- Saída categoría Pre-benxamín. (Media volta)
- 10:45 horas.- Saída categoría Benxamín feminino. (1 volta)
- 11:00 horas.- Saída categoría Benxamín masculino. (1 volta)
- 11:15 horas.- Saída categoría Alevín feminino. (1 volta)
- 11:30 horas.- Saída categoría Alevín masculino. (2 voltas)
- 11:45 horas.- Saída categoría Infantil feminino. (2 voltas)
- 12:00 horas.- Saída categoría Infantil masculino. (3 voltas)
- 12:15 horas.- Saída categorías Cadete/Xuvenil feminino. (3 voltas)
- 12:30 horas.- Saída categorías Cadete/Xuvenil masculino. (4 voltas)
- 12:45 horas.- Saída categoría Pais/Nais/Profesores do colexio. (2 voltas)
- 13:00 horas.- Saída categoría Absoluta. (5 voltas)
- 13:30 horas.- Entrega de Trofeos.



Colexio Guillelme Brown

3.- PARTICIPACIÓN:

Poderán participar todos os colexios, clubs e asociacións convidadas ao efecto cun só equipo por categoría sen número límite de corredores/as, e calquera atleta que o desexe a nivel individual.

4.- INSCRIPCIONES:

As inscricións realizaranse por escrito en impresos separados por categorías e equipos.

Remítanse ao colexio Guillelme Brown por correo ordinario ("A Merteira", Pereiro de Aguiar, 32710 Ourense), por correo electrónico (administracion@guillelmebrown.es), por FAX (988-259678) ou por teléfono (988-259589) antes do xoves 28 de novembro .

O día da proba poderanse realizar os cambios que sexan precisos ata 30 minutos antes do inicio das carreiras.

5.- DORSAIS:

Os dorsais serán facilitados pola organización e entregaranse 30 minutos antes do inicio do cross.

6.- CLASIFICACIONES:

Establécense dúas clasificacións:

a) **Individual;** segundo a orde de entrada en meta.

b) **Por equipos;** sumando os puntos obtidos polos catro atletas mellor clasificados/as de cada equipo, resultando vencedor o equipo que suma menor número de puntos.



Colexio Guillelme Brown

7.- PREMIOS E TROFEOS:

- a) Trofeo aos dous mellores equipos clasificados nas categorías benxamín, alevín, infantil e cadete, tanto masculino como feminino.
- b) Medalla aos tres primeiros/as clasificados/as en cada categoría.
- c) Camisetas a todos os participantes que cheguen á meta.

A clasificación será individual e por categorías (Prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil e absoluta, tanto masculino como feminino).

8.- OUTROS APARTADOS:

- Os corredores/as deberán situarse na zona de saída cinco minutos antes do inicio, unha vez avisados polos xuíces.

- Aqueles corredores que posúan licencia federativa deberán indicar na ficha de inscrición o seu número.

- Ao longo do percorrido haberá controis a cargo da organización.

- A organización non se fai responsable dos danos físicos ou morais que se deriven da mencionada proba.

- O colexio Guillelme Brown facilitará un autocar para desprazamento dos equipos da cidade que presenten un mínimo de 30 participantes.

- Debido ao espírito totalmente deportivo e popular da proba, non se admitirán reclamacións.

- Aqueles aspectos que non contemple este regulamento serán decididos tendo en conta o regulamento da Federación Galega de Atletismo.

"A Merteira", novembro de 2013.

O DIRECTOR

Asdo.- José Ramón Díaz González.



Colexio Guillelme Brown